XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Política Financeira
e Tesouro

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 154 / Fax: 981 545 156
dxpolfinanceira@conselleriadefacenda.es

galicia

INFORME DE SEGUIMENTO DE PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

ENTIDADE: CONCELLO DE OURENSE

PERÍODO: SEGUNDO SEMESTRE DE 2016

I.- O artigo 24.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece que a Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira elaborará, semestralmente, un informe de seguimento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros en vigor para as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

No caso de que o informe verifique que non se deu cumprimento ás medidas incluídas no plan e isto motivase o incumprimento do obxectivo de estabilidade, aplicaranse as medidas coercitivas do artigo 25.

II.- O Concello de Ourense constatou un incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2014, coas seguintes magnitudes:

- Capacidade de financiamento: 12.735.591,86 €
- Incumprimento da regra de gasto: 11.149.932,06 €

Ante este incumprimento, o concello aprobou inicialmente un PEF 2015-2016 con data 12 de novembro de 2015, e tal como establece o artigo 23.4 da citada Lei Orgánica de Estabilidade, foi remitido a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda, que no exercicio das competencias en materia de tutela financeira dos Entes Locais, atribuída á Comunidade Autónoma no artigo 49.1 do seu Estatuto de Autonomía, aprobou este PEF de forma definitiva con data 20 de novembro de 2015.

O plan indica que o incumprimento da regra de gasto foi debido, en primeiro lugar, a que o gasto financeiro de 2013, tomado como base para calcular o límite de gasto computable para 2014, foi inferior ao asociado á actividade ordinaria do concello por

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 154 / Fax: 981 545 156
dxpolfinanceira@conselleriadefacenda.es

diversas causas, que trouxeron como consecuencia unha paralización da entidade no ámbito administrativo, provocando un atraso na tramitación dos expedientes de gasto, e por tanto, no recoñecemento das obrigacións que deles derivaban.

Ademais, no exercicio 2014 xerouse un importante gasto de carácter conxuntural derivado principalmente de indemnizacións xudiciais recollidas na conta 413 de gastos pendentes de aplicar ao orzamento

Destes datos a entidade conclúe no Plan que nos anos 2015 e 2016, e sen a adopción de ningún tipo de medidas estruturais, a mera continuación da dinámica orzamentaria de exercicios anteriores, caracterizada pola estabilidade nos ingresos, o control do gasto e o baixo cociente de endebedamento, será suficiente para cumprir cos obxectivos marcados pola Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Resultado do anterior, proxectábanse os seguintes obxectivos no PEF aprobado:

Liquidación 2015:

- Capacidade de financiamento: 8.950.752,29 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de gasto sobre o teito máximo: 15.066,59 €

Liquidación 2016:

- Capacidade de financiamento: 12.462.886,10 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de gasto sobre o teito máximo: 163.180,47 €

III.- Os datos da liquidación do exercicio 2016 facilitados polo concello na plataforma habilitada na Oficina Virtual do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

- Capacidade de financiamento: 24.754.259,84 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de 9.060.180,36 €

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 154 / Fax: 981 545 156
dxpolfinanceira@conselleriadefacenda.es

galicia

IV.- Non sendo remitida polo concello á plataforma PEFEL a información requirida polo artigo 9.3 da Orden HAP/2105/2012, sobre o seguimento das medidas previstas no plan, o seguimento do PEF realízase sobre os datos subministrados pola entidade referidos á liquidación do orzamento consolidado de 2016.

Concepto	Importe
LIQUIDACIÓN 2016	
(A) Capacidade/Necesidade Financiamento da corporación local	24.754.259,84
(B) Diferenza entre "Límite da Regra de Gasto" e "Gasto computable"	9.060.180,36
PREVISIÓNS DO PEF	
(D) 3.1 Estabilidade Orzamentaria: capacidade/necesidade financiamento do PEF para o exercicio 2016	12.462.886,10
(E) 3.2 Regra de Gasto: cumprimento/incumprimento da Regra de Gasto no PEF 2016	163.180,47
DIFERENZA	
(F) Cumprimento/incumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria fixado polo PEF para o período 2016	12.291.373,74
(G) Cumprimento/incumprimento do obxectivo da Regra de Gasto fixada polo PEF para o período 2016	8.896.999,89
Fórmula de cálculo: (F)=(A)-(D)	
Fórmula de cálculo: (G)=(B)-(E)	

CONCLUSIÓN

A Dirección Xeral de Política Financeira,Tesouro e Fondos Europeos, como órgano de tutela, considera que, á vista dos datos sobre a liquidación do exercicio 2016, **o Concello de Ourense presenta cumprimento das magnitudes de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, por riba das previsións efectuadas no PEF.**

Polo tanto, e sendo este o último exercicio do Plan Económica-Financeiro aprobado e comprobado o cumprimento dos principios de estabilidade financeira e regra de gasto, considérase que a facenda da entidade retornou a unha senda de estabilidade e crecemento, en cumprimento do previsto na LOEOSF.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017